



## Xunta de Persoal de Administración e Servizos

Información sobre a reunión mantida entre a Xunta de Persoal e a Xerencia, hoxe día 23/12/2013, para tratar a situación das pólizas do seguro médico do colectivo de PAS e da Acción Social en xeral:

1. O xerente afirmou que as pólizas seguen en vigor en tanto non se comunique oficialmente o contrario. O aviso farao con 1 mes de antelación como mínimo.
2. Nos casos de operacións programadas e convalecencias, garantirase o mantemento transitorio destas prestacións.
3. Para negociar o destino do fondo da Acción Social constituirase una comisión onde estean representados os colectivos de PAS e PDI no mes de xaneiro,.
4. Solicitamos á Xerencia a posibilidade de buscar outras vías de financiamento que permitan manter o seguro médico aos que o desexen. A Xerencia mostrouse aberta a estudar esta posibilidade.

Noutra orde de cousas:

- Instamos á Xerencia para que se axilice o protocolo (as revisións médicas) que se está a seguir co persoal afectado pola exposición ao gas radón. O xerente dí que xa se está seguindo o protocolo pero que volverá a falar con FREMAP.
- Logo da modificación do EBEP no que se engade 1 día mais de asuntos propios, solicitamoslle poder gozar este día a maiores, correspondente a 2013, até o 28 de febreiro de 2014. O xerente aceptou a proposta, comprometéndose a enviar en próximas datas a instrucción correspondente.
- Ao respecto de 2 vacantes que se producirán en prazas de conserxe, pola toma de posesión como funcionarios, o xerente informou de que finalmente, logo de escoitar á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa, resolverá a súa cobertura mediante a atribución temporal de funcións proposta pola CUT, en tanto en canto non se revise a normativa que regula as comisións de servizos.

Saúdos.

---

*A conta de correo é: [xunta.persoal@udc.es](mailto:xunta.persoal@udc.es) para aclarar calquera dúbida ou recibir aquelas propostas ou suxestións que consideredes de interese.*

---